

Resolución reitoral, do 20 de abril de 2026, pola que se acorda a ampliación do prazo para presentar solicitudes ao procedemento regulado pola Resolución reitoral, do 27 de febreiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE

Mediante a Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026 establecéronse as bases reguladoras das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O prazo para presentar as solicitudes era de 32 días naturais. Este prazo comezou a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución reitoral no TEO e rematou o día 31 de marzo de 2026 ás 23:59.

Tendo en conta que só se recibiu unha solicitude válida, que cinco bolsas quedaron sen adxudicar e que a ampliación do prazo de presentación de solicitudes non causa prexuízo a terceiras persoas, decídese ampliar o prazo para presentar solicitudes durante 30 días naturais, que contan desde o día seguinte ao da súa publicación e rematan ás 23:59 (CET) do dito día.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos en condicións, previstos nas bases reguladoras,

RESOLVO

Primeiro. *Ampliar o prazo de presentación de solicitudes*

Modificar o punto 2 do artigo 6 da Resolución reitoral, do 27 de febreiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de mobilidade «Third Places Research» e ampliar o prazo de presentación de solicitudes a 30 días naturais tras a publicación desta modificación no TEO da UDC:

“2. Esta convocatoria permanecerá aberta, para a presentación de solicitudes, desde o día seguinte á súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, durante 30 días naturais, que contan desde o día seguinte ao da súa publicación e rematan ás 23:59 (CET) do dito día.”

Segundo. *Darlle publicidade á ampliación do prazo para presentar as solicitudes*

Publícase esta resolución no TEO da UDC, para os efectos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Investigación e Transferencia